


1992



Ciclo de inverno

1º concerto. Sábado 28 de Novembro

BANDA MUNICIPAL DE RIBADEO CORO «AIRIÑOS DE RIBADEO»

PROGRAMA

CORO «AIRIÑOS DE RIBADEO»

(Centro de Servicios Sociais)

Director: Gonzalo Montero

Mariñeiro	R. Groba
O neno dormia	J.M. Paz Valverde (Solista, Rafael Rico)
Mi madre fue una mulata	Habanera popular
A dorna	Trad. galega

Coro «Airiños de Ribadeo» acompañado dunha sección da Banda Municipal

Unha palmeira de Ribadeo	Hernán Naval Letra: Xavier Rodríguez Baixeras.
--------------------------------	---

BANDA MUNICIPAL DE RIBADEO

(Asociación «Amadores da Música» -
Académia de Música «Carlos A. Fdez.-Cid»)

Director: Hernán Naval

El Vira (Marcha)	Jo Vliex
Rhapsody in blue	G. Gershwin
Clarinando	Richard Comello (Mónica Villar Rodríguez e María Fernández Ramil, Clarinetes)
Panis angelicus	César Franck (Cuarteto de Metais: Víctor M. Sanjurjo Río, Trompeta. Rubén Solloso Iríma, Fliscorno. Aurora Fernández Peña, Trombón. Beatriz Lombao Gómez, Bombardino.)

Suspiros de España (Paso-doble)	A. Alvarez
Os teus ollos (Balada)	Xosé Castro, «Chané» Arr.: Hernán Naval
Sete rosas (Paso-doble)	A. del Río



EXCMO.
CONCELLO DE RIBADEO

A Banda Municipal e o Coro «Airiños de Ribadeo» ofrecen xuntos este concerto en honra a Santa Cecilia, patroa gremial dos músicos. Abren con el o Ciclo de inverno organizado polo Excmo. Concello, que traerá de novo a Ribadeo, entre outros importantísimos grupos, á Orquesta Sinfónica de Galiza.

«Airiños de Ribadeo» leva dous anos gañando o certame provincial de masas corais da terceira ida-de, e recentemente interviu nun programa da Televisión de Galiza. Está promovido polo Centro de Servicios Sociais de Ribadeo. Baixo a veterana dirección de Gonzalo Montero Cruz, oferécenos o máis selecto do seu amplio repertorio.

A gás as duas primeiras obras, estreadas nos concertos de verán, o programa que apresenta a Municipal está formado por pezas que constituen primeira interpretación pola Banda de Ribadeo. Richard Comello compuxo *Clarinando*, para dous clarinetes solistas e banda, hai apenas dous anos; duas avantaxadas instrumentistas da formación ribadense debutan como solistas de obra inteira. Un cuarteto de metais concertante leva o canto na versión instrumental do estremecedor *Panis angelicus* de César Franck. O director, Hernán Naval, apresenta a sua instrumentación moderna da balada *Os teus ollos*, de «Chané». Os paso-dobres populares *Suspiros de España* e *Sete rosas* demostran más unha vez que a Banda Municipal de Ribadeo é moderna porque asimila o mellor da tradición.

A letra de *Unha palmeira de Ribadeo* é un soneto perfeito, e non por perfeito menos lírico. O autor é un ribadense nascido en Tarragona en 1945, hoxe profesor de literatura nun instituto de Vigo: Xavier Rodríguez Baixeiras.

UNHA PALMEIRA DE RIBADEO

*Palmeira esfarrapada e sempre viva
de afeita a nós, de estar neste gemido
onde afoga confuso o esvaído
toque da hora que algun vento esquia,*

*e no que logo és, inverno arriba,
mais unha noite como o sul dorido,
por fin afeito e sempre repetido,
e tan ferido como mais cativa.*

*Non te vimos crecer. E nen sabemos
quen te puxo, meniña, á nosa porta,
atordoada, trémula de inzar*

*sombrias, tristezas nas que ja non cremos,
cando só chegas tu daquela morta
rua, abalando, longe do teu mar.*

(Do libro *Fentos no mar*)